MEMORIA ANUAL 2020

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

Memoria Anual '20

Xuntamos esforzos, construímos futuros

Saúdo da presidenta

Presentamos nas seguintes páxinas un resumo das principais **accións desenvolvidas pola Federación ASPACE Galicia no ano 2020.**

O ano 2020 vai estar vinculado para sempre á crise sanitaria provocada pola COVID-19. Esta situación, xurdida a principios de ano, condicionou e incidiu directamente no traballo realizado pola Federación ASPACE Galicia no ano 2020. **As nosas prioridades e as das entidades membro da Federación mudaron e tiveron que adaptarse ás novas necesidades detectadas.**

Para poder seguir traballando nos obxectivos plantexados para o ano 2020, **foi necesario adaptar as canles de comunicación,** potenciar a nosa representatividade como voz do colectivo das persoas con parálise cerebral, e favorecer o acceso das persoas con parálise cerebral, as súas familias e os profesionais das entidades ASPACE de Galicia a novas formas de comunicación. Pero o resultado final, a pesares das limitacións, foi positivo.

Nas seguintes páxinas rendimos contas do traballo realizado, caracterizado por:

- Unha aposta pola **creación de contidos audiovisuais** que acerquen a realidade das persoas con parálise cerebral e as súas familias á sociedade en xeral.

- Unha **maior incidencia ante a sociedade e as administracións públicas** sobre as necesidades e carencias detectadas no colectivo das persoas con parálise cerebral, potenciadas pola situación sanitaria.

- Maior **coordinación entre as entidades membro da Federación** para a definición de liñas de traballo e incidencia.

- Maior **coordinación interna** para favorecer a conciliación, a seguridade laboral e o cumprimento dos obxectivos definidos para o ano 2020.

- **Aposta pola sensibilización e o coñecemento da realidade** das persoas con parálise cerebral na sociedade.

Un gran traballo co que seguiremos comprometidos no ano 2021.

Mónica Touriño Soto
Presidenta de Federación ASPACE GALICIA

Entidades membro

Federación ASPACE Galicia está constituida na actualidade por **4 entidades** especializadas na atención ás persoas con parálise cerebral e outras patoloxías afíns de Galicia:

01 AMENCER ASPACE

02 APAMP

03 ASPACE CORUÑA

04 ASPACE LUGO

A Federación e as súas entidades membro traballan anualmente cos seguintes **grupos de interese:**

755
Socios e socias das entidades

260
Profesionais

545
Persoas con parálise cerebral

Presentación

MISIÓN

Federación ASPACE Galicia é unha entidade que **nace en 1999 coa MISIÓN de lograr a coordinación e cooperación entre asociacións de parálise cerebral e outras entidades,** de xeito que a unión e a forza das mesmas logre a igualdade de oportunidades das persoas con parálise cerebral.

XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTA
Mónica Touriño Soto
(AMENCER ASPACE)

VICEPRESIDENTA
Sonia Ruiz Rivas
(ASPACE CORUÑA)

SECRETARIA
Concepción Somoza Torres (APAMP)

TESOUREIRO
Carlos Godoy Casalderrey
(AMENCER ASPACE)

VOGAL
María Carmen Barreiro Santos
(ASPACE CORUÑA)

VOGAL
Daniel Varela Lago (APAMP)

Que facemos?

ALCANCE DA ENTIDADE

Federación ASPACE Galicia **presta diferentes servizos** (emprego, información e asesoramento legal, formación, sensibilización, apoio as asociacións e fortalecemento do movemento asociativo...) **a máis de 540 persoas con parálise cerebral en Galicia,** a través dos seus servizos propios ou dos prestados polas entidades membro.

ORGANIZACIÓN INTERNA

Xerencia

Coordina os proxectos e as actividades programadas, a xestión de subvencións e os recursos dos que dispón a Federación.

Información e asesoramento

Información, orientación e asesoramento legal para persoas con parálise cerebral, familias, profesionais e entidades sociais.

Emprego e formación

Facilitan a formación e integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns.

Sensibilización

Xestión da comunicación, interna e externa, das campañas e actividades de sensibilización da Federación ASPACE e das súas entidades membro.

Administración

Execución das tarefas administrativas relacionadas co funcionamento da Federación ASPACE Galicia.

Apoio ás asociaciacións

Servizos especializados para a intervención ou atención ás persoas con parálise cerebral.

Servizos e programas. Resultados

'20

Información e asesoramento

OBXECTIVO

ASPACE Galicia é a entidade de referencia a nivel autonómico en parálise cerebral, polo que estamos a disposición de todas as persoas, organismos e entidades que precisen información sobre o colectivo.

DIRIXIDO A

Persoas con parálise cerebral, familiares, asociacións e entidades de carácter público ou privado.

PROFESIONAIS DO SERVIZO

O servizo contou no ano 2020 cunha traballadora social e un avogado.

ACCIÓNS REALIZADAS EN 2020

- Recopilación e difusión de información en **materia de dependencia e discapacidade.**
- Recopilación e difusión de información sobre **convocatorias de axudas e subvencións** de entidades públicas e privadas.
- Atención a familias. **Recepción e atención de solicitudes de información** sobre diferentes aspectos.
- **Realización de informes** sobre diferentes temáticas de interese: lexislación do sector.
- **Elaboración de documentos, informes e boletíns** de información ás asociacións federadas sobre temas de interese para o colectivo.
- Servizo de **asesoramento legal.**
- **Creación de contidos de interese** sobre temas legais e xurídicos e sobre axuda.

Comunicación e sensibilización

OBXECTIVO

Sensibilizar a través da visibilización do colectivo das persoas con parálise cerebral; dar a coñecer a súa realidade, as súas necesidades e demandas.

DIRIXIDO A

Sociedade en xeral.

PROFESIONAIS

A área de Comunicación e Sensibilización contou no ano 2020 cunha profesional de deseño e marketing, unha técnica audiovisual e unha responsable de comunicación que traballaron de xeito coordinado.

ACCIÓNS REALIZADAS EN 2020

Desenvolvemento da **estratexia de comunicación externa da Federación ASPACE Galicia**

No ano 2020 continuamos avanzando no deseño da estratexia de comunicación da MARCA ASPACE, potenciando a comunicación externa a través das diversas canles de comunicación coas que contamos na nosa entidade.



Evolución do número de seguidores e seguidoras en redes sociais

XI CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL DE FEDERACIÓN ASPACE GALICIA

Descrición da actividade

No XI Concurso de Postais de Nadal da Federación ASPACE Galicia presentáronse a concurso **80 traballos.**

A postal gañadora foi a de **Carla Álvarez Diz, de AMENCER ASPACE, titulada "Andaravio".**

Comunicación e sensibilización

CREACIÓN DE MATERIAIS AUDIOVISUAIS SOBRE A REALIDADE DAS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL

Descrición da actividade

Federación ASPACE Galicia fai unha aposta no ano 2020 pola **creación de materiais audiovisuais** cos que informar sobre a parálise cerebral e mostrar a realidade e as historias de superación das persoas con parálise cerebral.

En concreto, en 2020 creáronse 24 contidos audiovisuais.

68 visualizacións



71 visualizacións



167 visualizacións

162 visualizacións



61 visualizacións

1605 visualizacións



74 visualizacións

855 visualizacións

88 visualizacións

1153 visualizacións

1404 visualizacións

Comunicación e sensibilización

403 visualizacións

62 visualizacións

4249 visualizacións

1560 visualizacións

1076 visualizacións

37 visualizacións

487 visualizaciones

4249 visualizacións

1673 visualizacións

676 visualizacións

1215 visualizacións

18.000 VISUALIZACIÓNS EN 2020

E ADEMAIS...

Ademais, en 2020 creáronse **tutoriais para o uso de aplicacións de vídeochamadas** (Whatsapp, Hangouts, Skype), orientados a facilitar o acceso a estas tecnoloxías por parte de persoas con parálise cerebral e familiares.

Tamén creamos **pílulas formativas e sesións de formación** sobre temas de interese para os profesionais, familias e persoas con parálise cerebral (prevención COVID, protocolos de actuación, pautas básicas de intervención con persoas con parálise cerebral ...) en formato audiovisual.

Comunicación e sensibilización

CELEBRACIÓN DO XX ANIVERSARIO DA FEDERACIÓN ASPACE GALICIA. #IMPARABLES

Descrición da actividade

O 19 de xullo de 2019, a Federación ASPACE Galicia cumpliu 20 anos de traballo a prol das persoas con parálise cerebral e as súas familias.

Co gallo desta data tan especial, e para rematar o ano de celebracións do XX Aniversario, estaba previsto organizar en xullo de 2020 unha xornada de clausura, que finalmente houbo que cancelar pola situación sanitaria.

Por iso, dende a Federación ASPACE Galicia creamos unha **peza audiovisual na que fixemos un percorrido polo traballo realizado nestes 20 anos,** prestando especial atención aos retos pendentes do colectivo.

WWW.YOUTUBE.COM/WATCH?V=LBZ3RBOJ9FO

DÍA DA PARÁLISE CEREBRAL

Descrición da actividade

Cada ano, o movemento ASPACE celebra, o **6 de outubro, o Día da Parálise Cerebral.** Un día no que os protagonistas son as persoas con parálise cerebral, e que ten como obxectivo visibilizar e sensibilizar sobre o colectivo.

Neste ano 2020, as entidades ASPACE de toda España promovemos a **campaña UN FUTURO MELLOR,** a través da que pretendiamos visibilizar a importancia de que o colectivo das persoas sexa tido en conta no proceso de reconstrucción social e económica que hai que poñer en marcha despois da situación xerada polo COVID-19.

Este ano non foi posible organizar actos na rúa, pero, en colaboración coa Consellería de Política Social, organizamos un **acto de sensibilización e reivindicación en San Caetano** (Santiago de Compostela) e diversos actos en cada unha das entidades membro.

Comunicación e sensibilización

CONCURSO DE COCIÑA "EN ASPACE COCIÑAMOS XUNTOS"

Descrición da actividade

As persoas con parálise cerebral son capaces de realizar todo aquilo que se propoñan. Esta é a clave que enmarca o Concurso de cociña *"En ASPACE cociñamos xuntos"*, que realizamos todos os anos en Federación ASPACE Galicia.

Neste ano 2020, non foi posible levar a cabo a edición prevista do concurso, polo que se preparou unha **peza audiovisual na que fixemos un percorrido polas 5 edicións do concurso,** para o que contamos con concursantes, familias e xurados da categoría de Pepe Vieira, Pepe Solla ou Iñaki Bretal.

10 DATOS SOBRE A PARÁLISE CEREBRAL

Descrición da actividade

No ano 2020 a Federación ASPACE Galicia lanzou a campaña **10 datos sobre a parálise cerebral.** A través desta iniciativa pretendiamos dar a coñecer que é a parálise cerebral a través de 10 trazos característicos.

A campaña incorporaba diversos elementos de comunicación:

- Vídeo
- Infografía
- Noticia na web

EQUIPO DE RESPONSABLES DE COMUNICACIÓN DAS ENTIDADES ASPACE

O equipo de responsables de comunicación das entidades ASPACE de Galicia, **encargado da coordinación das accións de sensibilización e comunicación,** reuniuse en dos ocasións ao longo do ano 2020.

Comunicación e sensibilización

3 DE DECEMBRO. DÍA DA DISCAPACIDADE BAIXO O MESMO PARAUGAS

Descrición da actividade

Dende hai 4 anos, tódolos días **3 de decembro, máis de 80 entidades** galegas que traballamos con persoas con discapacidade nos reunimos para reivindicar as necesidades e demandas do colectivo na iniciativa **Baixo o mesmo paraugas.**

Tódolos anos facémolo en diferentes actos nas principais cidades e vilas de Galicia, pero este ano, debido á situación sanitaria, tivemos que organizar esta **acción de xeito virtual,** contando cun grande respaldo a nivel social.

BOLETÍN INFORMATIVO ASPACE GALICIA

Descrición da actividade

Federación ASPACE Galicia lanzou en 2020 un **Boletín Informativo mensual,** dirixido a persoas con parálise cerebral, familias, profesionais e sociedade en xeral, con toda a actualidade do colectivo.

No ano 2020 enviáronse 10 boletíns informativos.

Emprego e formación

OBXECTIVO

Facilitamos a formación e a integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns a través de itinerarios persoalizados de orientación, prospección e acompañamento no posto de traballo, necesarios para a súa incorporación ao mercado laboral ordinario.

DIRIXIDO A

Persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns.

ACCIÓNS REALIZADAS EN 2020

Acollida

Recollemos as demandas e necesidades da persoa con parálise cerebral e valoramos as súas posibilidades de inclusión no programa.

Prospección (formación e emprego)

Fomentamos a formación específica para o emprego de persoas con parálise cerebral a través da organización de accións de formación específicas e adaptadas.

Orientación sociolaboral

Identificamos coa persoa con parálise cerebral as súas expectativas, intereses e necesidades formativas e laborais para consensuar un itinerario individual de inserción.

Emprego con apoio

Apoiamos a aqueles usuarios do Programa de Emprego e Formación de ASPACE que se integran en empresas ordinarias, cos apoios internos e externos precisos.

BENEFICIARIOS E BENEFICIARIAS

98

ACCIÓNS REALIZADAS

- **Entrevistas** iniciais.
- **Valoracións profesionais.**
- **Titorías** individuais.
- Deseño de **itinerarios individuais** de inserción.
- **Accións grupais** (información, asesoramento e formación).
- Elaboración de **Curriculum Vitae e cartas de presentación.**
- Preparación de **entrevistas de traballo e formativas.**
- **Procura de ofertas laborais e formativas.**
- Creación de contas de **correo electrónico.**
- Accións de **apoio e acompañamento á formación.**
- **Información e asesoramento** en temas relacionados co emprego e formación (usuarios e usuarias, familias e centros formativos).
- Formación para a adquisición de **competencias dixitais, prevención de riscos laborais ou atención ao cliente.**
- Preparación de **oposicións.**
- **Acompañamento** nas diferentes fases dos procesos de concurso-oposición.
- Formación e acompañamento nas probas de competencias clave.
- **Curso de Auxiliar de Conserxe en Vigo**.

OUTROS DATOS DE INTERESE SOBRE O PROGRAMA DE EMPREGO E FORMACIÓN NO ANO 2020

- Área de formación
- Formación e emprego

O **48%** das persoas usuarias do programa participan na área de formación exclusivamente. O **52%** nas áreas de formación e emprego.

31-45 años
> 65% de discapacidade

O perfil de persoa usuaria atendida é unha persoa de entre 31 e 45 anos, cun grao de discapacidade superior ao 65%, e con baixa cualificación.



- Inserción laboral

No ano 2020 alcanzamos o **57%** de inserción laboral entre as persoas usuarias que participan na área de emprego.



- Centros especiais
- Empresas ordinarias

O **26%** das inserciónsn laborais foron en centros especiais de emprego e o **76%** en empresas ordinarias.

- Xornada completa
- A tempo parcial

O **50%** das contratacións realizáronse a xornada completa e o **50%** foron a tempo parcial.

CURSO DE AUXILIAR DE CONSERXE. VIGO

O Curso de Auxiliar de Conserxe, organizado por Federación ASPACE Galicia e impartido na Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral (APAMP), con sede en Vigo, foi posible **grazas ao financiamento da Asociación INSERTA EMPLEO da Fundación ONCE.**

Na formación participaron **13 persoas** con parálise cerebral. Organizouse en torno a cinco módulos de coñecemento. Tres módulos – Seguridade e hixiene no traballo, Servizo de conserxería e Habilidades sociais enfocadas ao cliente- lograron impartirse con normalidade segundo a programación ata a declaración do estado de alarma no mes de marzo. A impartición dos dous últimos módulos– Comunicación e arquivo, e Recepción e emisión de chamadas-, tiveron que trasladarse ao ano 2021.

A valoración final do Curso de Auxiliar de conserxe por parte **das persoas participantes alcanzou unha puntuación de 4,75 sobre 5.**



Apoio ás asociacións

OBXECTIVO

Fortalecer o movemento asociativo da atención a persoas con parálise cerebral a través de servizos, profesionais ou apoios de diferente índole, e complementarios aos existentes nas asociacións.

- Apoiar ás asociacións membro na procura de recursos para a prestación de servizos e programas complementarios.
- Favorecer a posta en marcha de **novos servizos** como experiencias piloto.
- Apoiar a existencia de servizos básicos naquelas entidades con menores recursos e grao de desenvolvemento.
- **Favorecer a formación dos e das profesionais** das diferentes entidades.
- Fomentar o estudo e a investigación sobre diferentes aspectos relativos á parálise cerebral.
- Potenciar a profesionalización e a mellora continua das entidades membro.

DIRIXIDO A

Entidades membro de Federación ASPACE Galicia, os seus directivos e as súas directivas profesionais.

PROFESIONAIS DO SERVIZO

No ano 2020 prestaron os seus servizos dentro deste proxecto da Federación ASPACE Galicia os seguintes profesionais:

- 1 Educadora social.
- 1 Avogado.
- 1 Xornalista.
- 1 Técnico audiovisual.
- 1 Deseñadora gráfica.
- 1 Formadora.

SERVIZO DE ASESORAMENTO LEGAL

Estudos e informativos lexislativos, aportacións a desenvolvementos lexislativos de interese para as persoas con parálise cerebral

No ano 2020 traballouse no estudo do desenvolvemento lexislativo a nivel nacional e internacional de temas de interese para o colectivo, como a inclusión educativa, a atención temperá, o concerto social, contratos públicos e subvencións, asistente sexual, asistente persoal, nova lei de educación, etc.

Atención a demandas de información e asesoramento

Puxemos en marcha un servizo de atención a demandas de información e asesoramento no que se deu resposta a demandas sobre testamentos, patrimonio protexido, accesibilidade, dereitos, etc.

Formación para profesionais, familias e persoas con parálise cerebral

Creación de pequenas pílulas formativas sobre temas de interese para o colectivo: Tutela e curatela, Patrimonio Protexido, etc.

Apoio ás asociacións

FORMACIÓN E FORTALECEMENTO INSTITUCIONAL

Obxectivo

Fomentar a formación específica dos profesionais e directivos das diferentes entidades ASPACE.

Crear canles de comunicación para compartir experiencias e boas prácticas na intervención das persoas con parálise cerebral.

Revisar o traballo realizado e definir liñas de traballo comúns e consensuadas.

Dirixido a

Equipos directivos e profesionais das entidades.

Accións realizadas en 2020:

PROGRAMA TALENTO ASPACE. COMPARTINDO BOAS PRÁCTICAS

O programa TALENTO ASPACE pretende favorecer, entre profesionais que traballan con persoas con parálise cerebral, o compartir boas prácticas, coñecementos e experiencias a través da organización de xornadas de traballo, visita a entidades, deseño de protocolos, etc.

- Sexualidade e afectividade.
- Envellecemento en parálise cerebral.
- Participación de persoas con grandes necesidades de apoio.

PARTICIPANTES:

1 representante de Federación ASPACE Galicia, 2 de AMENCER ASPACE, 3 de ASPACE Coruña, 3 de APAMP, 1 de ASPACE Asturias, 1 de APCA Alicante, 1 de ASPACEBA, 1 de UPACE San Fernando, 2 de ASPACE Baleares, 1 de APACE Toledo, 2 de APPC Tarragona e 1 de Confederación ASPACE.

IV ENCONTRO DE PROFESIONAIS ASPACE DE GALICIA. 5 DE MARZO DE 2020

Descrición da actividade

Anualmente, os e as profesionais das entidades ASPACE de Galicia organizamos un día de formación e convivencia, a través do cal avaliamos o traballo realizado e definimos liñas de traballo, estratexias e prioridades para o novo ano.

O IV Encontro de profesionais celebrouse en Pontevedra o 5 de marzo de 2020.

Apoio ás asociacións

Valoración da actividade

O Encontro anual de profesionais ASPACE de Galicia é unha oportunidade única para revisar o traballo realizado de xeito conxunto polo colectivo da parálise cerebral e para definir as novas liñas de traballo prioritarias. No ano 2020 participaron no encontro 41 profesionais das 4 entidades ASPACE de Galicia e da Federación autonómica.

ACCIÓNS REALIZADAS NO ANO 2020

COORDINACIÓN

Reunións de Xunta Directiva Federación ASPACE Galicia no ano 2020

A Xunta Directiva da Federación ASPACE Galicia reúnese periódicamente para coordinar os traballos da entidade. No ano 2020 reuníuse nas seguintes ocasións:

- 15/01/2020
- 11/02/2020
- 19/02/2020
- 05/03/2020
- 27/04/2020
- 11/05/2020
- 21/05/2020
- 17/06/2020
- 22/07/2020
- 28/09/2020
- 22/10/2020
- 01/12/2020

ACCIÓNS REALIZADAS NO ANO 2020

INCIDENCIA

Reunións do CERMI Galicia

A Federación ASPACE Galicia é unha das entidades membro do CERMI Galicia (Comité de Entidades representantes de persoas con discapacidade intelectual). No ano 2020 reuníuse nas seguintes ocasións:

- 4 de maio. Comité Executivo.
- 19 de maio. Comité Executivo.
- 8 de xullo. Asemblea Xeral
- 15 de xullo. Comité Executivo.
- 30 de novembro. Asemblea Xeral e Comité Executivo.
- 3 de decembro. Acto Institucional coa Presidenta da Xunta de Galicia e a Conselleira de Política Social.

Apoio ás asociacións

PLATAFORMA DE INFANCIA DE GALICIA

Federación ASPACE GALICIA é membro da Plataforma de Infancia de Galicia. Durante o ano 2020 reuníuse nas seguientes ocasións:

- **02/03/2020. Asemblea Xeral**
- **06/10/2020. Asemblea Xeral**
- **20/11/2020. Día dos Dereitos do neno e a nena**

CONFEDERACIÓN ASPACE

Federación ASPACE Galicia é membro da Confederación ASPACE. Durante o ano 2020 traballamos de xeito coordinado coa Confederación co fin de incidir sobre os efectos da pandemia no colectivo das persoas con parálise cerebral.

- **25/03/2020. Posicionamento de 8 propostas do movemento ASPACE ante a pandemia.**
- **17/06/2020. Propostas do Movemento ASPACE para a reconstrucción post COVID-19.**
- **29/09/2020. Reunión de coordinación Federaciones ASPACE.**
- **06/10/2020. Día da Parálise Cerebral: Campaña "Un Futuro Mellor"**

XUNTA DE GALICIA

No ano 2020 redobramos o noso esforzo de incidencia, como colectivo da parálise cerebral, polo impacto da situación sociosanitaria derivada da COVID-19 no colectivo das persoas con parálise cerebral.

- **14/02/2020. Reunión cos e coas responsables da Consellería de Política Social para abordar o financiamento do transporte.**

- 08/05/2020. Envío e difusión do documento “Propostas do Movemento ASPACE para abordar o Proceso de Desescalada”.
- 25/05/2020. Reunión coa Conselleira de Política Social para abordar a situación derivada do peche dos centros de día e ocupacionais.
- 01/06/2020. Envío e difusión da solicitude de reapertura urxente de centros de día e ocupacionais.
- 05/06/2020. Reunión cos e coas responsables da Consellería de Política Social para abordar as condicións para a reapertura dos centros de día e ocupacionais.
- 10/06/2020. Reunión co Presidente da Xunta e a Conselleira de Política Social para abordar a reapertura dos centros de día e ocupacionais e a situación derivada da pandemia.
- 19/10/2020. Reunión cos e coas responsables da Consellería de Política Social para abordar as demandas pendentes co colectivo das persoas con parálise cerebral en Galicia.

Transparencia

FINANCIADORES PÚBLICOS

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Emprego Galicia

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL

Unión Europea
Fondo Social Europeo
Iniciativa de Empleo Juvenil
El FSE invierte en tu futuro

FINANCIADORES PRIVADOS

Fundación ONCE

ASPACE
PARÁLISIS CEREBRAL
Confederación

Fundación ONCE | Inserta

ASPACE

PARÁLISE CEREBRAL

Galicia

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.aspacegalicia.org
T. 986 879 967 | Praza 8 de marzo, 1, 1º. 36003 | Pontevedra